



## **Alcalde-Pte do Ilmo. Concello de Meis**

M<sup>a</sup> Carmen Martínez Rodiño, voceira do Bloque Nacionalista Galego en Meis, ao abeiro da lexislación vixente,

### **EXPÓN**

1. Que por parte da Consellaría de Política Territorial foi aprobado provisionalmente o Estudo Informativo e Estudo de Impacto ambiental do Corredor alternativo á PO-531 Pontevedra-Vilagarcía, Treito: Curro-Baión, clave PO/02/199.00.

2. Que foi remitida ó Concello de Meis toda a documentación relativa a esta futura actuación para que esté en exposición pública e se poidan facer todas as alegacións que se consideren oportunas e se adxunten estas por parte do concello xunto co certificado no que se indique entre que datas estivo a exposición pública o devandito estudo.

3. Que por parte do BNG en Meis queresese facer un estudo polo miúdo da documentación para poder ter un posicionamento ó respecto e / ou realizar no seu caso posibles alegacións.

4. Que o pasado venres día 9 de marzo, a Voceira nacionalista acudeu ás dependencias municipais á solicitar a documentación relativa a este futuro vial, e que se atopou con que desde o concello se estaba a facer unha copia da documentación en CD para un veciño do concello de Portas, e nembargantes cando a Portavoz do BNG solicitou esa mesma documentación, por parte dun empregado municipal encargado da custodia dese documento, se lle negou de forma contundente, alegando que se lle informara por parte da Secretaría municipal que non sabía se a Consellaría lle permitía dar a documentación en soporte informático.

Desde o BNG en Meis valorase isto como continuidade e un feito máis da política de obstrución, agochamento de información e negación dos dereitos á información que legalmente ten o BNG, e que o PP en Meis está a negar sistematicamente.

Ante o exposto,

## SOLICITA

1. Unha copia da documentación mencionada en soporte informático.
2. Que por parte do concello se teña en exposición ó público á documentación ó completo, e non só unha parte.
3. Que por parte do concello se facilite a maior información posible ós veciños, se atendan as súas dúbidas e demandas, e se facilite copia de todo aquilo que pidan.
4. No caso de que non se nos dé copia en soporte informático, se nos explique o motivo de forma xustificada e por escrito desta circunstancia, e se nos dé copia da documentación en formato papel.
5. Se nos dé a copia no menor tempo posible, para poder analizala e facer as alegacións oportunas no prazo estipulado para iso.

No Mosteiro, Meis, a 12 de Marzo do 2007

Asdo: M<sup>a</sup> Carme Martínez Rodiño  
Portavoz do G.M. do BNG